

Estatísticas sociolaborais

ANUARIO

2018

XUNTA DE GALICIA

Estatísticas sociolaborais

ANUARIO

2018

Xunta de Galicia
Consellería de Economía, Emprego e Industria
Secretaría Xeral de Emprego

Ficha técnica

Edita

© Xunta de Galicia. 2019. Estatísticas sociolaborais. Anuario 2018

Edición:

Consellería de Economía, Emprego e Industria. Secretaría Xeral de Emprego
Subdirección Xeral de Relacións Laborais

URL: <http://ceei.xunta.gal/estadisticas-sociolaborais>

ISSN

1578-2255

Obra non venal

Índice xeral

Índice xeral

Índice de cadros	9
Índice de gráficos	15
Introdución	21
1. Conciliacións individuais	25
2. Conciliacións colectivas	41
3. Eleccións sindicais	45
4. Folgas e peches patronais	73
5. Procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada	81
6. Empresas de traballo temporal	101
7. Desprazamento transnacional de persoas traballadoras	107
8. Infraccións e sancións na orde social	117

Índice de cadros

Índice de cadros

1.	Conciliacións individuais	
1.1	Conciliacións individuais segundo a motivación, por provincia e totais Galicia.	29
1.2	Conciliacións individuais segundo o tipo de resolución, por provincia e totais Galicia.	30
1.3	Conciliacións individuais en materia de despedimentos segundo o tipo de resolución, por provincia e totais Galicia.	31
1.4	Conciliacións individuais en materia de reclamacións de cantidade segundo o tipo de resolución, por provincia e totais Galicia.	32
1.5	Conciliacións individuais en materia de sancións e causas varias segundo o tipo de resolución, por provincia e totais Galicia.	33
1.6	Cantidades acordadas nas conciliacións individuais con avinza segundo a motivación por provincia e totais Galicia.	34
1.7	Conciliacións individuais segundo a motivación e por sección de actividade económica.	35
2.	Conciliacións colectivas	
2.1	Conciliacións colectivas por ámbito territorial: Número, empresas afectadas e persoas traballadoras afectadas.	43
3.	Eleccións sindicais	
3.1	Distribución provincial dos avisos previos, actas rexistradas, representantes elixidos segundo as actas rexistradas e porcentaxe dos/as representantes elixidos/as, sobre o total de representantes elixidos/as en Galicia referidos á última anualidade.	51
3.2	Distribución provincial da participación electoral referida á última anualidade.	52
3.3	Representantes elixidos/as sobre as actas rexistradas, segundo o sexo e por sindicatos referidos á última anualidade.	53
3.4	Impugnacións, desistencias e laudos referidos á última anualidade.	54
3.5	Distribución provincial dos avisos previos e os datos obtidos sobre as actas rexistradas referida ás catro últimas anualidades.	54
3.6	Distribución provincial do número de actas rexistradas segundo o tamaño do centro de traballo referida ás catro últimas anualidades.	54
3.7	Características dos votos emitidos referido ás catro últimas anualidades.	54
3.8	Número de representantes por cada organización sindical ou profesional, por provincias e sexo, segundo as actas rexistradas referido ás catro últimas anualidades, na Coruña.	55

3.9	Número de representantes por cada organización sindical ou profesional, por provincias e sexo, segundo as actas rexistradas referido ás catro últimas anualidades, en Lugo.	57
3.10	Número de representantes por cada organización sindical ou profesional, por provincias e sexo, segundo as actas rexistradas referido ás catro últimas anualidades, en Ourense.	59
3.11	Número de representantes por cada organización sindical ou profesional, por provincias e sexo, segundo as actas rexistradas referido ás catro últimas anualidades, en Pontevedra.	61
3.12	Número total de representantes diferenciado por xénero e por cada organización sindical ou profesional, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo as actas rexistradas referido ás catro últimas anualidades.	63
3.13	Número total de representantes por cada organización sindical ou profesional, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e segundo as actas votadas referido ás catro últimas anualidades.	66
3.14	Representantes elixidos/as por provincias, segundo a data de rexistro das actas referido ás catro últimas anualidades.	69
3.15	Resultados das centrais sindicais máis representativas, segundo a data de rexistro das actas referido ás catro últimas anualidades.	70
3.16	Distribución provincial dos/as representantes elixidos/as segundo as actas rexistradas, sobre o total de representantes elixidos/as en Galicia referido ás catro últimas anualidades.	70
3.17	Comparativa, a nivel provincial, dos/as representantes elixidos/as entre o período actual (01.01.15 ao 31.12.18) e o período anterior (01.01.14 ao 31.12.17).	71
3.18	Distribución provincial da participación electoral referido ás catro últimas anualidades.	71
3.19	Distribución provincial dos/as electores/as, votantes e participación electoral desagregada por sexo referida ás catro últimas anualidades.	71
4.	Folgas e peches patronais	
4.1	Folgas de ámbito provincial e autonómico convocadas, realizadas e non realizadas.	77
4.2	Folgas de ámbito provincial e autonómico de empresa e de sector.	78
4.3	Folgas de ámbito provincial e autonómico realizadas, segundo o motivo ou a causa da convocatoria.	78
4.4	Peches patronais de ámbito provincial ou autonómico comunicados á autoridade laboral.	79
5.	Procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada	
5.1	Procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada e persoas traballadoras afectadas, segundo o ámbito territorial.	85
5.2	Procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada, segundo o ámbito territorial e a medida.	85

5.3	Procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada pactados, segundo o ámbito territorial e a medida.	86
5.4	Procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada non pactados, segundo o ámbito territorial e a medida aplicada.	87
5.5	Procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada sen período de consultas, segundo o ámbito territorial e a medida.	88
5.6	Procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada, por sector de actividade e ámbito territorial.	89
5.7	Persoas traballadoras afectadas por procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada, segundo o ámbito territorial e a medida.	89
5.8	Persoas traballadoras afectadas por procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada pactados, segundo o ámbito territorial e a medida.	90
5.9	Persoas traballadoras afectadas por procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada non pactados, segundo o ámbito territorial e a medida.	91
5.10	Persoas traballadoras afectadas por procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada sen período de consultas, segundo a medida.	92
5.11	Persoas traballadoras afectadas por procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada, segundo o ámbito territorial e o sexo.	93
5.12	Persoas traballadoras afectadas pola medida de extinción segundo o ámbito territorial e o sexo.	94
5.13	Persoas traballadoras afectadas pola medida de suspensión de contratos segundo o ámbito territorial e o sexo.	95
5.14	Persoas traballadoras afectadas pola medida de redución de xornada segundo o ámbito territorial e o sexo.	96
5.15	Persoas traballadoras afectadas por procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada, por sector de actividade e ámbito territorial.	97
5.16	Procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada e persoas traballadoras afectadas, segundo o ámbito territorial (evolución 2014-2018).	98
6.	Empresas de traballo temporal	
6.1	Contratos de posta á disposición realizados nas empresas autorizadas pola Autoridade Laboral de Galicia, segundo o ámbito de actuación e a modalidade de contratación.	103
6.2	Persoas traballadoras postas a disposición polas empresas de traballo temporal autorizadas pola Autoridade Laboral de Galicia, segundo ámbito de actuación.	103

7.	Desprazamento transnacional de persoas traballadoras	
7.1	Número de persoas traballadoras desprazadas por provincia, especificando a fonte REA ou TRADES.	109
7.2	Número de persoas traballadoras desprazadas, por nacionalidade, desagregadas por provincias especificando fonte REA ou TRADES.	110
7.3	Media de persoas traballadoras desprazadas polas empresas, desagregadas por provincias, fonte TRADES.	111
7.4	Número total de días de desprazamento, por provincia, fonte TRADES.	111
7.5	Duración media do desprazamento, en días, por provincia, fonte TRADES.	112
7.6	Número de inscricións/renovacións de empresas, por nacionalidades, por provincia, especificando fonte REA ou TRADES.	112
8.	Infraccións e sancións na orde social	
8.1	Expedientes de sancións iniciados en primeira instancia nas xefaturas territoriais da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con indicación do número total de expedientes, contía das sancións, materia, tipo de infracción e grao de sanción.	121
8.2	Expedientes resoltos en primeira instancia, segundo o órgano competente e o seu ámbito territorial, con indicación do número total de expedientes, contía das sancións, materia, tipo de infracción e grao de sanción.	122
8.3	Expedientes iniciados e resoltos nos servizos centrais, tanto en primeira instancia como en vía de recurso, correspondentes aos formulados nos anos anteriores, con indicación do ámbito provincial onde tivo lugar a infracción ou onde se ditou resolución de instancia, procedemento e materia.	123
8.4	Total de expedientes iniciados e resoltos nos servizos centrais, tanto en primeira instancia como en vía de recurso, correspondentes aos formulados nos anos anteriores, con indicación do ámbito provincial onde tivo lugar a infracción ou onde se ditou a resolución de instancia do procedemento.	124

Índice de gráficos

Índice de gráficos

1.	Conciliacións individuais	
G 1.1	Conciliacións individuais segundo a motivación, por provincia e totais Galicia.	29
G 1.2	Conciliacións individuais segundo o tipo de resolución, por provincia e totais Galicia.	30
G 1.3	Conciliacións individuais en materia de despedimentos segundo o tipo de resolución, por provincia e totais Galicia.	31
G 1.4	Conciliacións individuais en materia de reclamacións de cantidade segundo o tipo de resolución, por provincia e totais Galicia.	32
G 1.5	Conciliacións individuais en materia de sancións e causas varias segundo o tipo de resolución, por provincia e totais Galicia.	33
G 1.6	Cantidades acordadas nas conciliacións individuais con avinza segundo a motivación, por provincia e totais Galicia.	34
2.	Conciliacións colectivas	
G 2.1. -	Conciliacións colectivas por ámbito territorial: número, empresas afectadas e persoas traballadoras afectadas.	43
3.	Eleccións sindicais	
G 3.1	Distribución provincial dos avisos previos, actas rexistradas, representantes elixidos/as segundo as actas rexistradas e porcentaxe dos/as representantes elixidos/as, sobre o total de representantes elixidos/as en Galicia referidos á última anualidade.	51
G 3.2	Distribución provincial da participación electoral referida á última anualidade.	52
G 3.14	Representantes elixidos/as por provincias, segundo a data de rexistro das actas referido ás catro últimas anualidades.	69
G 3.16	Distribución provincial dos representantes elixidos/as segundo as actas rexistradas, sobre o total de representantes elixidos/as en Galicia referido ás catro últimas anualidades.	70
G 3.19	Distribución provincial dos/as electores/as, votantes e participación electoral desagregada por sexo referida ás catro últimas anualidades.	72
4.	Folgas e peches patronais	
G 4.1 -	Folgas de ámbito provincial e autonómico convocadas, realizadas e non realizadas.	77

5	Procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada	
G 5.2 -	Procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada, segundo o ámbito territorial e medida aplicada.	85
G 5.3 -	Procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada pactados, segundo o ámbito territorial e medida aplicada.	86
G 5.4 -	Procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada non pactados, segundo o ámbito territorial e medida aplicada.	87
G 5.5 -	Procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada sen período de consultas, segundo o ámbito territorial e medida aplicada.	88
G 5.7 -	Persoas traballadoras afectadas por procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada, segundo o ámbito territorial e a medida aplicada.	89
G 5.8 -	Persoas traballadoras afectadas por procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada pactados, segundo o ámbito territorial e a medida aplicada.	90
G 5.9 -	Persoas traballadoras afectadas por procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada non pactados, segundo o ámbito territorial e a medida aplicada.	91
G 5.10 -	Persoas traballadoras afectadas por procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada sen período de consultas, segundo o ámbito territorial e a medida aplicada.	92
G 5.11 -	Persoas traballadoras afectadas por procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada, segundo o ámbito territorial e o sexo.	93
G 5.12 -	Persoas traballadoras afectadas pola medida de extinción segundo o ámbito territorial e o xénero.	94
G 5.13 -	Persoas traballadoras afectadas pola medida de suspensión de contratos segundo o ámbito territorial e o sexo.	95
G 5.14 -	Persoas traballadoras afectadas pola medida de redución de xornada segundo o ámbito territorial e o sexo.	96
G 5.15 -	Persoas traballadoras afectadas por procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada, por sector de actividade e ámbito territorial.	97
6	Empresas de traballo temporal	
G 6.2 -	Persoas traballadoras postas á disposición polas empresas de traballo temporal, segundo ámbito de actuación.	103

7	Desprazamento transnacional de persoas traballadoras	
G 7.1 -	Número de persoas traballadoras desprazadas por provincia, especificando a fonte REA ou TRADES.	109
G 7.2 -	Número de persoas traballadoras desprazadas, por nacionalidade, desagregadas por provincias - especificando fonte REA ou TRADES.	110
G 7.4 -	Número total de días de desprazamento, por provincia, fonte TRADES.	111
G 7.6 -	Número de inscricións/renovacións de empresas, por nacionalidades, por provincia, especificando fonte REA ou TRADES.	112
8	Infraccións e sancións na orde social	
G 8.1 -	Expedientes de sancións iniciados en primeira instancia nas xefaturas territoriais da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con indicación do número total de expedientes, contía das sancións, materia, tipo de infracción e grao de sanción.	121
G 8.2 -	Expedientes resoltos en primeira instancia, segundo o órgano competente e o seu ámbito territorial, con indicación do número total de expedientes, contía das sancións, materia, tipo de infracción e grao de sanción.	122
G 8.4 -	Total de expedientes iniciados e resoltos nos servizos centrais, tanto en primeira instancia como en vía de recurso, correspondentes aos formulados nos anos anteriores, con indicación do ámbito provincial onde tivo lugar a infracción ou onde se ditou resolución de instancia, do procedemento.	124

Introducción

Introdución

O Plan galego de estatística é, conforme o artigo 6 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, un instrumento de ordenación e planificación da actividade estatística da Comunidade Autónoma de Galicia.

As actividades estatísticas que presentamos nesta publicación están incluídas no Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para 2017-2021, aprobado pola Lei 15/2016 do 28 de xullo, e quedan encadradas dentro da competencia da Secretaría Xeral de Emprego, organicamente dependente da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Os obxectivos encomendados para a realización das correspondentes actividades son obxectivos operativos de información, que se enmarcan na área de estatísticas sociolaborais e teñen como fin fundamental o de obter a máxima achega de datos, de maneira que nos permita ter unha visión global do panorama sociolaboral galego.

O Anuario de estatísticas sociolaborais recompila os principais datos da Comunidade Autónoma de Galicia, referidos ao exercicio de 2018 e ás seguintes áreas temáticas: conciliacións, individuais e colectivas, eleccións sindicais, folgas e peches patronais, infraccións e sancións na orde social, regulación de emprego, empresas de traballo temporal e desprazamento transnacional de persoas traballadoras.

Desde un punto de vista estrutural, esta publicación está dividida en oito capítulos e cada un deles abrangue unha área temática.

O período de referencia temporal é do ano 2018. Preséntase tamén, para as principais variables, información relativa á evolución nos catro últimos anos (do 2014 ao 2017)

Ao inicio de cada capítulo figura unha indicación da metodoloxía empregada e incorpórase un apartado de fontes e notas explicativas, con expresión da materia obxecto de investigación, as principais disposicións legais que a regulan, as fontes das que se obteñen os datos primarios e unhas breves notas metodolóxicas de carácter xeral e cadros concretos.

A maioría dos capítulos conteñen cadros gráficos de evolución, cos que se pretende ofrecer unha imaxe visual do comportamento evolutivo das variables máis salientables.

As estatísticas contidas neste anuario elaboráronse coa información recibida das xefaturas territoriais da Consellería de Economía, Emprego e Industria, así como da información primaria que, en función da súa competencia, achegan as unidades administrativas dos servizos centrais desta consellería sobre as materias obxecto de investigación.

1. Conciliacións individuais

Conciliacións individuais

Fontes e notas metodolóxicas

O obxectivo desta actividade estatística é o de facilitar información sobre as conciliacións individuais e colectivas que se realizan como vía previa do tratamento de conflitos para evitar a vía xurisdiccional ordinaria, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia tomando como referencia os datos do ano 2018.

Enténdese por conciliacións o intento obrigatorio de avinza entre os intereses en conflito das persoas traballadoras e empresas, con participación da Administración e como procedemento previo á vía xudicial.

As conciliacións poden ser individuais e colectivas: A conciliación individual é o intento de acordo ao que se pode acceder de xeito individual, por medio dunha reclamación desta índole, aínda que o intento de avinza se efectúe para un colectivo de persoas traballadoras afectadas.

A conciliación colectiva é o intento de resolución de conflitos colectivos, previo á vía xudicial, que afecta aos intereses xerais das persoas traballadoras e que son susceptibles dunha solución global para todo o colectivo implicado no procedemento.

As principais disposicións legais referidas a esta materia son as contidas na seguinte normativa de aplicación:

1) Xeral

Real decreto lei 17/1977, do 4 de marzo, sobre relacións de traballo (BOE 9.03.77)

Real decreto 5/1979, do 26 de xaneiro, de creación do Instituto de Mediación, Arbitraje e Conciliación (BOE 6.02.79)

Real decreto 2756/1979, do 23 de novembro, polo que o Instituto de Mediación, Arbitraje e Conciliación asume parte das funcións que ten encomendadas (BOE 5.12.79)

Sentenza do Tribunal Constitucional 11/81, do 8 de abril de 1981, pola que se declaran inconstitu-

cionais algúns artigos do Real decreto lei 17/1977, en materia de folgas e conflitos colectivos (BOE 29.04.81)

Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores (BOE 24.10.2015)

Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social (BOE 11.10.11)

2) Transferencia

Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo (BOE 28.09.82; DOG 19.10.82)

Decreto 117/1982, do 5 de outubro, sobre asunción de transferencias en materia de traballo (DOG 19.10.82)

Real decreto 4104/1982, do 29 de decembro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de mediación, arbitraje e conciliación (BOE 24.02.83; DOG 08.03.83)

Decreto 50/1983, do 9 de marzo, de asunción de transferencias en materia de mediación, arbitraje e conciliación (DOG 28.03.83)

Decreto 135/2017, do 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria (DOG 18 do 25.01.18).

Para o tratamento estatístico tómanse como fonte de referencia os datos que mensualmente achegan as xefaturas territoriais da consellería á Secretaría Xeral de Emprego, a través das listaxes de datos dos conflitos individuais e colectivos seguidos nas unidades administrativas de mediación, arbitraje e conciliación. Os referidos datos son tamén obxecto de tratamento estatístico na Dirección Xeral de Emprego do Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

No referente aos datos achegados sobre os conflitos colectivos e individuais na presente publicación, os cadros estatísticos reflicten os resultados do ano 2018 en relación coas conciliacións individuais rematadas por provincia, segundo resultado e motivo, así como os totais de Galicia. No relativo ás conciliacións colectivas, achéganse os resultados obtidos por provincias e servizos centrais (ámbito autonómico), segundo o resultado, así como os datos totais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Atendendo o resultado das conciliacións individuais ou colectivas rematadas, obteremos os seguintes tipos de resolución:

- Con avinza: cando se produce acordo entre as partes.
- Sen avinza: cando non se acada acordo entre as partes.

Outros motivos, que engloban:


- Tentadas sen efecto: cando non comparece a parte ou as partes demandadas.
- Tidas por non presentadas: cando, debidamente citadas as partes, a promotora non comparece no acto.
- Desistidas: cando comparece a parte promotora, para o único efecto de desistir do conflito producido.
- Outros motivos: cando a reclamación é improcedente, foi recibida por correo e rexistrouse debidamente.

En canto á motivación nas conciliacións individuais, utilízanse como categorías desta variable:

Despedimentos, reclamación de cantidade e sancións e varios. No apartado de “varios” inclúense as reclamacións por clasificación laboral ou profesional, antigüidade e outro tipo de reclamacións derivadas do contrato de traballo.

1.1 Conciliacións individuais segundo a motivación, por provincia e totais Galicia.

	Despedimentos	Reclamacións de cantidade	Sancións	Causas varias	Total
A Coruña	4.385,00	4.773,00	215,00	1.764,00	11.137,00
Lugo	883,00	1.073,00	27,00	693,00	2.676,00
Ourense	913,00	974,00	39,00	246,00	2.172,00
Pontevedra	3.199,00	3.267,00	170,00	702,00	7.338,00
Galicia	9.380,00	10.087,00	451,00	3.405,00	23.323,00


G 1.1.-Conciliacións individuais segundo a motivación, por provincia e totais Galicia.

1.2 Conciliacións individuais segundo o tipo de resolución, por provincia e totais Galicia.

	Con avinza	Sen avinza	Intentadas sen efecto e outras*	Total
A Coruña	2.833	4.600	3.704	11.137
Lugo	676	1.100	900	2.676
Ourense	527	837	808	2.172
Pontevedra	1.996	2.777	2.565	7.338
Galicia	6.032	9.314	7.977	23.323

*Intentadas sen efecto e outras (as tidas por non presentadas, desistidas e outros tipos)

G 1.2.-Conciliacións individuais segundo o tipo de resolución, por provincia e totais Galicia.




1.3 Conciliacións individuais en materia de despedimentos segundo o tipo de resolución, por provincia e totais Galicia.

	Con avinza	Sen avinza	Intentadas sen efecto e outras*	Total
A Coruña	2.210	1.365	810	4.385
Lugo	519	237	127	883
Ourense	429	300	184	913
Pontevedra	1.606	1.012	581	3.199
Galicia	4.764	2.914	1.702	9.380

*Intentadas sen efecto e outras (as tidas por non presentadas, desistidas e outros tipos)

G 1.3.-Conciliacións individuais en materia de despedimentos segundo o tipo de resolución, por provincia e totais Galicia.




1.4 Conciliacións individuais en materia de reclamacións de cantidade segundo o tipo de resolución, por provincia e totais Galicia.

	Con avinza	Sen avinza	Intentadas sen efecto e outras*	TOTAL
A Coruña	495	2.034	2.244	4.773
Lugo	98	473	502	1.073
Ourense	76	356	542	974
Pontevedra	331	1.254	1.682	3.267
Galicia	1.000	4.117	4.970	10.087

*Intentadas sen efecto e outras (as tidas por non presentadas, desistidas e outros tipos)

G 1.4.-Conciliacións individuais en materia de reclamacións de cantidade segundo o tipo de resolución, por provincia e totais Galicia.




1.5 Conciliacións individuais en materia de sancións e causas varias segundo o tipo de resolución, por provincia e totais Galicia.

	Con avinza	Sen avinza	Intentadas sen efecto e outras*	TOTAL
A Coruña	128	1.201	650	1.979
Lugo	59	390	271	720
Ourense	22	181	82	285
Pontevedra	59	511	302	872
Galicia	268	2.283	1.305	3.856

*Intentadas sen efecto e outras (as tidas por presentadas, desistidas e outros tipos)


G 1.5.-Conciliacións individuais en materia de sancións e causas varias segundo o tipo de resolución, por provincia e totais Galicia.



1.6 Cantidades acordadas nas conciliacións individuais con avinza segundo a motivación por provincia e totais Galicia.

	Despedimentos	Reclamacións de cantidade	Sancións e causas varias	TOTAL
A Coruña	43.380.017	1.165.232	1.398.107	45.943.357
Lugo	5.766.739	873.691	253.300	6.893.729
Ourense	6.914.219	129.075	37.387	7.080.681
Pontevedra	27.705.580	685.653	277.593	28.668.826
Galicia	83.766.555	2.853.651	1.966.387	88.586.593

G 1.6.-Cantidades acordadas nas conciliacións individuais con avinza segundo a motivación, por provincia e totais Galicia.



1.7 Conciliacións individuais segundo a motivación e por sección de actividade económica.**Total motivo**

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
TOTAL SECTORES ECONÓMICOS	11.137	2.676	2.172	7.338
AGRICULTURA E PESCA	255	159	101	237
A. Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	255	159	101	237
INDUSTRIA	2.277	542	413	1.107
B. Industrias extractivas	70	69	99	25
C. Industria manufacturera	2.033	436	295	954
D. Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	100	13	3	23
E. Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	74	24	16	105
CONSTRUCCIÓN	1.394	266	410	1.103
F. Construción	1.394	266	410	1.103
SERVIZOS	7.211	1.709	1.248	4.891
G. Comercio por xunto e ao retalto; reparación de vehículos de motor e motocicletas	1.484	197	311	1.234
H. Transporte e almacenamento	566	162	138	611
I. Hostalaría	1.320	283	230	896
J. Información e comunicacións	653	95	46	163
K. Actividades financeiras e de seguros	224	38	33	130
L. Actividades inmobiliarias	37	2	4	30
M. Actividades profesionais, científicas e técnicas	1.190	702	216	1.007
N. Actividades administrativas e servizos auxiliares	350	8	5	115
O. Administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria	40	26	12	11
P. Educación	176	12	26	94
Q. Actividades sanitarias e de servizos sociais	592	116	149	273
R. Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	298	49	31	175
S. Outros servizos	225	7	8	105
T. Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio	56	12	21	47
U. Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	0	0	18	0

Despedimentos

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
TOTAL SECTORES ECONÓMICOS	4.385	883	913	3.199
AGRICULTURA E PESCA	104	33	41	110
A. Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	104	33	41	110
INDUSTRIA	914	215	222	512
B. Industrias extractivas	8	22	41	11
C. Industria manufacturera	848	176	171	474
D. Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	17	9	1	11
E. Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	41	8	9	16
CONSTRUCCIÓN	257	42	49	201
F. Construción	257	42	49	201
SERVIZOS	3.110	593	601	2.376
G. Comercio por xunto e ao retalto; reparación de vehículos de motor e motocicletas	880	120	202	779
H. Transporte e almacenamento	211	55	64	220
I. Hostalaría	623	108	107	407
J. Información e comunicacións	262	26	18	85
K. Actividades financeiras e de seguros	103	14	19	77
L. Actividades inmobiliarias	19	2	2	18
M. Actividades profesionais, científicas e técnicas	337	200	67	393
N. Actividades administrativas e servizos auxiliares	161	4	2	56
O. Administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria	0	2	3	4
P. Educación	84	6	21	48
Q. Actividades sanitarias e de servizos sociais	184	27	61	138
R. Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	123	22	13	68
S. Outros servizos	95	3	5	58
T. Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio	28	4	15	25
U. Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	0	0	2	0

Sancións

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
TOTAL SECTORES ECONÓMICOS	215	27	39	170
AGRICULTURA E PESCA	6	0	1	4
A. Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	6	0	1	4
INDUSTRIA	52	9	8	42
B. Industrias extractivas	3	0	1	1
C. Industria manufacturera	40	8	4	38
D. Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	4	1	1	0
E. Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	5	0	2	3
CONSTRUCCIÓN	8	2	3	5
F. Construción	8	2	3	5
SERVIZOS	149	16	27	119
G. Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	24	2	8	27
H. Transporte e almacenamento	26	1	2	26
I. Hostalaría	19	0	4	11
J. Información e comunicacións	8	2	0	4
K. Actividades financeiras e de seguros	5	0	0	0
L. Actividades inmobiliarias	0	0	1	0
M. Actividades profesionais, científicas e técnicas	31	4	7	32
N. Actividades administrativas e servizos auxiliares	7	0	0	5
O. Administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria	1	0	0	0
P. Educación	3	1	0	1
Q. Actividades sanitarias e de servizos sociais	14	3	4	7
R. Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	4	2	0	5
S. Outros servizos	7	0	0	1
T. Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio	0	1	1	0
U. Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	0	0	0	0

Reclamación de cantidade

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
TOTAL SECTORES ECONÓMICOS	4.773	1.073	974	3.267
AGRICULTURA E PESCA	114	80	19	102
A. Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	114	80	19	102
INDUSTRIA	1.016	183	139	459
B. Industrias extractivas	54	22	41	11
C. Industria manufacturera	908	147	93	358
D. Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	37	2	1	12
E. Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	17	12	4	78
CONSTRUCCIÓN	942	203	335	827
F. Construción	942	203	335	827
SERVIZOS	2.701	607	481	1.879
G. Comercio por xunto e ao retalto; reparación de vehículos de motor e motocicletas	429	34	68	349
H. Transporte e almacenamento	227	64	56	270
I. Hostalaría	591	115	106	417
J. Información e comunicacións	194	17	17	48
K. Actividades financeiras e de seguros	68	20	9	42
L. Actividades inmobiliarias	12	0	0	11
M. Actividades profesionais, científicas e técnicas	527	295	118	450
N. Actividades administrativas e servizos auxiliares	96	3	2	25
O. Administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria	14	10	5	4
P. Educación	60	2	1	35
Q. Actividades sanitarias e de servizos sociais	287	28	68	104
R. Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	120	13	10	76
S. Outros servizos	54	2	3	34
T. Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio	22	4	4	14
U. Actividades de organizacións e organismos extrateritoriais	0	0	14	0

Causas varias

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
TOTAL SECTORES ECONÓMICOS	1.764	693	246	702
AGRICULTURA E PESCA	31	46	40	21
A. Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	31	46	40	21
INDUSTRIA	295	135	44	94
B. Industrias extractivas	5	25	16	2
C. Industria manufacturera	237	105	27	84
D. Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	42	1	0	0
E. Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	11	4	1	8
CONSTRUCCIÓN	187	19	23	70
F. Construción	187	19	23	70
SERVIZOS	1.251	493	139	517
G. Comercio por xunto e ao retalto; reparación de vehículos de motor e motocicletas	151	41	33	79
H. Transporte e almacenamento	102	42	16	95
I. Hostalaría	87	60	13	61
J. Información e comunicacións	189	50	11	26
K. Actividades financeiras e de seguros	48	4	5	11
L. Actividades inmobiliarias	6	0	1	1
M. Actividades profesionais, científicas e técnicas	295	203	24	132
N. Actividades administrativas e servizos auxiliares	86	1	1	29
O. Administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria	25	14	4	3
P. Educación	29	3	4	10
Q. Actividades sanitarias e de servizos sociais	107	58	16	24
R. Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	51	12	8	26
S. Outros servizos	69	2	0	12
T. Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio	6	3	1	8
U. Actividades de organizacións e organismos extrateritoriais	0	0	2	0

2. Conciliacións colectivas


2.1 Conciliacións colectivas por ámbito territorial: Número, empresas afectadas e persoas traballadoras afectadas.

		Número de conciliacións	Empresas afectadas	Persoas traballadoras afectadas
A Coruña	Con avinza	2	2	205
	Sen avinza	57	72	9.442
	Resto (1)	16	20	1.112
Lugo	Con avinza	1	1	25
	Sen avinza	42	11	895
	Resto (1)	8	5	1.100
Ourense	Con avinza	4	4	119
	Sen avinza	4	4	245
	Resto (1)	4	4	88
Pontevedra	Con avinza	1	1	7
	Sen avinza	29	36	9.571
	Resto (1)	4	7	4.098
Autonómicas	Con avinza	0	0	0
	Sen avinza	8	8	4.056
	Resto (1)	2	4	431
Galicia	Con avinza	8	8	356
	Sen avinza	140	131	24.209
	Resto (1)	34	40	6.829

(1) Resto: Intentadas sen efecto, tidas por non presentadas, desistidas e outras

(2) Conciliacións autonómicas son as que afectan a máis dunha provincia e son tramitadas pola Secretaría Xeral de Emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

G 2.1.-Conciliacións colectivas por ámbito territorial: Número, empresas afectadas e persoas traballadoras afectadas.



3. Eleccións sindicais

Eleccións sindicais

Fontes e notas metodolóxicas

O obxectivo desta actividade estatística é coñecer, de forma detallada, os resultados das eleccións sindicais en Galicia.

Con esta finalidade, faise un estudo pormenorizado mediante a explotación estatística dos resultados electorais correspondentes ao ano 2018, así como dos resultados relativos ao período dos catro anos anteriores.

As principais disposicións legais en canto a esta materia están recollidas na seguinte normativa de aplicación:

1) Xeral

- Lei 9/1987, do 12 de xuño, de órganos de representación, determinacións das condicións de traballo e participación do persoal ao servizo das administracións públicas (BOE nº 144 do 17.06.87) Esta lei foi derogada pola Lei 7/2007, do 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público excepto no seu artigo 7 e coa excepción contemplada na disposición transitoria quinta deste Estatuto.
- Lei 18/1994, do 30 de xuño (BOE Nº 156 do 01.07.1994), pola que se modifica a normativa de eleccións aos órganos de representación do persoal ao servizo das administracións públicas da Lei 9/ 1987, do 12 de xuño, modificada pola Lei 7/1990, do 19 de xullo (BOE nº 173 do 20.07.90).
- Real decreto 1844/1994, do 9 de setembro, polo que se aproba o regulamento de eleccións a órganos de representación dos traballadores na empresa (BOE nº 219 do 13.09.94)
- Real decreto 1846/1994, do 9 de setembro, polo que se aproba o regulamento de eleccións aos órganos de representación do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado (BOE nº 219 do 13.09.94)
- Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores (BOE 24.10.2015)

2) Transferencia

- Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións de servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo (BOE nº 232 do 28.09.82; DOG nº 19 do 19.10.82)
- Decreto 117/1982, do 5 de outubro, sobre asunción de transferencias en materia de traballo (DOG 19.10.82)

Decreto 135/2017, do 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria (DOG nº 18 do 25.01.18).

A fonte de información procede das actas de escrutinio depositadas e rexistradas nas oficinas públicas de rexistro (OPRs), depósito e publicidade das catro provincias da comunidade autónoma como resultado do proceso electoral en Galicia, así como dos distintos actos administrativos que implica o proceso electoral e que extraemos da base de datos para a elaboración definitiva da estatística correspondente.

A unidade estatística elemental é a elección sindical para elixir á totalidade de delegados de persoal ou membros do comité de empresa, con acta rexistrada na OPR, aínda que tamén se facilita información dos avisos previos e as actas depositadas, procedementos previos á celebración da elección sindical e ao rexistro da acta respectivamente.

Segundo o artigo 61 do Estatuto dos Traballadores, estes teñen dereito a participar na empresa a través dos órganos de representación: delegados de persoal ou comités de empresa.

No cómputo de resultados electorais, para o tratamento estadístico, tomamos como data de referencia a data de rexistro das actas.

Ademais dos datos anuais, na estatística recóllese a representatividade obtida por cada sindicato, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo as actas rexistradas a 31 de decembro do ano anterior e tendo en conta o período dos catro últimos anos. Por outra banda, amósanse tamén eses mesmos datos de representatividade pero calculados de acordo coas actas votadas antes do 31 de decembro do ano anterior, aínda que se rexistren máis tarde desa data. Así, os resultados electorais varían un pouco dependendo si se obtéñen á DATA DE VOTACIÓN (31 de decembro) OU á DATA DE REXISTRO (31 de decembro).

Proceso electoral

Promotores das eleccións

- Como paso previo ás eleccións sindicais, cun prazo mínimo dun mes de antelación, os promotores comunican ás oficinas públicas de rexistro o seu propósito de levar a cabo as eleccións.

Esta comunicación debe indicar con precisión:

- a) A empresa e o centro de traballo que quere celebrar o proceso electoral.
- b) A data de inicio do dito proceso.

Constitución da mesa electoral

Constituirase unha mesa electoral por cada colexio de 250 traballadores ou fracción. Existirá unha única mesa electoral nos centros de traballo de menos de 50 traballadores e nas eleccións de colexio único.

A mesa electoral fixa a data da votación, que lle comunicará á empresa en 24 horas e fará público entre os traballadores o censo electoral.

Publicación acta de escrutinio

O resultado da votación publicarase nos taboleiros de anuncios dentro das 24 horas seguintes ao re-

mate da redacción da dita acta de escrutinio (segundo modelo oficial).

Atribución de representantes

- Artigo 12.1 do Real decreto 1844/1994, do 9 de setembro:
- a) Nas eleccións para delegados de persoal, ao tratarse de listas abertas, outórganselles os postos a aqueles candidatos que obteñen maior número de votos válidos.
- b) Nas eleccións de comité de empresa, en primeiro lugar, descártanse aquelas candidaturas que non obtivesen, cando menos, o 5% de votos válidos (incluídos os brancos) e, en segundo lugar, outórgaselle a cada candidatura o número de representantes que obtivo.

Aos efectos de establecer a atribución de representantes a cada lista no Comité de Empresa, non se deben ter en conta os votos en branco nin as candidaturas que non obtivesen, polo menos, o 5% dos votos válidos (inclúense os brancos) do seu colexio respectivo.

Os votos en branco son considerados válidos para o cómputo da porcentaxe de votos de cada candidatura, é dicir, o número de votos a cada candidatura entre o total de votos válidos (inclúese neste denominador os brancos) ten que ser superior a 0,05. O número de representantes de cada lista asígnase proporcionalmente ao número de votos obtidos, é dicir, multiplícase o número de postos polos votos obtidos por esa lista e divídese entre o total de votos a candidaturas non descartadas (non se contan neste denominador nin os votos en branco nin os votos ás candidaturas que non obtivesen o 5%).

Proceso de rexistro

A OPR recibe a acta orixinal de escrutinio, xunto coas papeletas de votos nulos e impugnados polos interventores, e a acta de constitución da mesa ou mesas electorais e procede á publicación dunha copia da acta de escrutinio no taboleiro de anuncios. A OPR dálle traslado á empresa da presentación da acta de escrutinio correspondente ao proceso

electoral que tivo lugar nela coa data na que finaliza o prazo para impugnala.

A OPR rexistra ou denega o rexistro das actas electorais nos termos legalmente previstos. A denegación do rexistro dunha acta pola oficina pública só poderá facerse cando concorran algunhas das circunstancias previstas no artigo 26 do Real decreto 1844/1994, do 9 de setembro: actas que non vaian nos modelos oficiais; falta de comunicación da promoción electoral á OPR; falta de sinatura do presidente da mesa electoral; actas nas que se omitan algún dos datos dos modelos oficiais que impidan o cómputo electoral; actas ilexibles que impidan o cómputo electoral.

Impugnacións, desistencias e laudos

O artigo 76 do Estatuto dos Traballadores regula as reclamacións en materia electoral. Todos aqueles que teñan interese lexítimo, incluída a empresa, poderán impugnar a elección, as decisións que adopte a mesa, así coma calquera outra actuación desta ao longo do proceso electoral, fundándose na existencia de vicios graves que puideran afectar ás garantías do proceso electoral e que alteren o seu resultado, na falta de capacidade ou lexitimidade dos candidatos elixidos, na discordancia entre a acta e o desenvolvemento do proceso electoral e na falta de correlación entre o número de traballadores que figuran na acta de eleccións e o número de representantes elixidos.

Os árbitros son os encargados de coñecer sobre estas impugnacións en materia electoral e as resolucións destes denominanse LAUDOS. O laudo será por escrito e razoado en dereito e resolve sobre a impugnación electoral e, no seu caso, sobre o rexistro da acta. O laudo arbitral poderase impugnar ante a orde xurisdiccional social.

Procesamento de datos

As oficinas públicas do rexistro (OPR), pertencentes a cada unha das xefaturas territoriais da Consellería de Economía, Emprego e Industria, realizan o rexistro dos resultados de eleccións sindicais derivándose datos relativos a actas rexistradas, actas e traballadores/as segundo o tipo de elección, electores,

votantes e participación electoral segundo o xénero, características dos votos emitidos e representantes elixibles e elixidos, número de actas segundo o tamaño do centro de traballo e número de actas segundo o sector institucional, número de avisos previos, actas depositadas e representatividade de cada sindicato.

Representatividade sindical

O número de representantes elixidos que se presentan por cada organización sindical determinan a representatividade desta organización.

Teñen a condición de sindicato máis representativo, a nivel da Comunidade Autónoma (art. 7 da LO 11/1985, o 2 de agosto, de liberdade sindical):

- 1º- Os sindicatos do dito ámbito que acrediten neste, unha audiencia electoral de, polo menos, o 15% dos delegados de persoal e dos representantes dos traballadores nos comités de empresa e nos órganos correspondentes das administracións públicas, sempre que contén cun mínimo de 1.500 representantes e non estean federados ou confederados con organizacións sindicais de ámbito estatal.
 - 2º- Os sindicatos ou entes sindicais que estean afiliados, federados ou confederados a unha organización sindical de ámbito de comunidade autónoma que teña a consideración de máis representativa de acordo co previsto no apartado 1º anterior.
- A representatividade que ten cada sindicato determínase polo número de representantes que obtívese nun ámbito determinado e en relación co total de representantes (de todos os sindicatos) Pódese indicar por provincias ou o total da Comunidade Autónoma.

Variables de estudo

- As actas depositadas son as actas levantadas como resultado do escrutinio do proceso electoral que, consonte modelo oficial, recollen o resultado xeral da votación e son enviadas ás correspondentes oficinas públicas de rexistro co fin de que segundo o procedemento establecido no artigo

75.7 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, e no artigo 26 do Real decreto 1844/1994, do 9 de setembro, polo que se aproba o regulamento de eleccións a órganos de representación de traballadores na empresa, se proceda, de ser o caso, ao seu oportuno rexistro.

- As actas rexistradas son as actas efectivamente rexistradas nas oficinas públicas de rexistro.
- Os traballadores afectados son o total de traballadores recollidos no censo electoral como electores.
- Os traballadores participantes son o conxunto de traballadores que participan no proceso electoral exercendo o seu dereito a votar.

Variables de clasificación

Datos da empresa

Actividade económica principal da empresa.

Centro de traballo

Localización xeográfica

Número de traballadores do centro de traballo.

Número de representantes sindicais

Datos xerais da votación

-En delegados de persoal recóllense:

Número de electores: homes, mulleres e total;

Número de representantes a elixir

Votantes: homes, mulleres e total

Votos válidos (brancos e cubertos) e votos non válidos

Representantes elixidos (a data de rexistro):
Homes, mulleres e total.

